



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CAMBRE

Nomeamento de persoal funcionario en prácticas da Policía Local do Concello de Cambre

Por resolución da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos número 11/2025 do 14 de xaneiro de 2025, resolveuse o seguinte:

Primeiro.- Nomear a don Mario Chouciño Pereira co NIF: ***040***, funcionario en prácticas ata a superación indispensable dun curso selectivo de capacitación na Academia Galega de Seguridade Pública, que estará integrado polas disciplinas e actividades que se establezan para a categoría e conformidade co artigo 15 e 16 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2017, do 20 de abril, de coordinación de policía local, na praza de policía local, encadrada na Escala de Administración Especial, subescala Servizos Especiais, clase Policía Local e pertencentes ó grupo "C", subgrupo "C1".

Segundo.- Deberá tomar posesión no prazo de trinta días contando desde o día seguinte ó que se lles notifique o nomeamento en prácticas, quedando en situación de cesante cando, sen causa xustificada, non o fixesen dentro do prazo establecido.

Terceiro.- O funcionario nomeado queda sometido ás obrigas derivadas da normativa de incompatibilidades establecida na Lei 53/1984, do 26 de decembro e demais normas de desenvolvemento.

Cuarto.- Autorizar ao funcionario en prácticas don Mario Chouciño Pereira, con NIF:***040*** a asistencia ao curso de formación teórico práctico de capacitación de policía local convocado pola **ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA**.

En Cambre a 14 de xaneiro de 2025

A concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos

P.D. (Resolución nº 469/2024, do 12 de abril)

María Yolanda Díaz Baldomir

2025/211